



ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2018

MEMORIA

Pola Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procedeuse á formación do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2018, por un importe de 19.181.458,91 € en ingresos e 19.181.458,91 € en gastos, polo que presenta unhas cifras sen déficit inicial, cumprindo así o establecido no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O aumento por tanto en ingresos coma en gastos é de 678.069,85 € en relación co último orzamento (2016) aprobado.

Para a confección dos orzamentos seguíronse dous criterios: O primeiro criterio no que se fundamentou a confección deste Orzamento foi, como en anos anteriores, o de continuar na senda da austeridade, cuestionándose o gasto que viña asumindo o Concello na procura da eliminación de duplicidades ou gastos superfluos e procurando a confección dun orzamento de ingresos que se achegue a realidade da liquidación do mesmo no ano 2019. Un segundo criterio no que se abonda este ano é o de recoller no orzamento a revitalización que se percibe no cadro macroeconómico, o que debe permitir aumentar a actividade a desenvolver polo Concello. Todo elo, co fin de que os orzamentos sigan sendo a ferramenta coa que conta este municipio para a realización das diferentes políticas para cumprir co fin último dunha administración pública: servir ao interese público a través da mellora da calidade de vida dos cidadáns en cada unha das súas manifestacións.

A súa vez, este orzamento ven determinado asegurar o cumprimento do compromiso adquirido polas señoras e señores concelleiros no acordo plenario de data 12 de xaneiro de 2016 ó aprobar por unanimidade a solicitude da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado (EDUSI) conforme a Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, e no que levaba implícito a obriga de habilitar crédito suficiente para financiar as operacións contidas no mesmo e que se plasmaron no Redondela 2020.

En función do exposto nos parágrafos anteriores, as liñas a seguir foron:

Na confección do Orzamento segue primándose as áreas de Servicos Sociais, Ensino e Emprego.

Recóllense as achegas municipais para poder atender á realización do Redondela 2020 que salvo unha cantidade moi pequena non se recollen no orzamento prorrogado que está en vigor.

E como non podía ser doutro xeito, Orzamento trata de responder ás necesidades das cidadás e cidadáns de Redondela.

A continuación expónse de forma resumida o seu contido, todo elo para dar cumprimento ó establecido no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004:

ESTADO DE INGRESOS:

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



No cálculo dos ingresos para o orzamento do ano 2018 partiuse, basicamente, dos importes reais dos dereitos recoñecidos e liquidados durante os últimos anos, así coma dos datos dos que se dispoñen para a confección dalgunhas aplicacións ou ben a certas actuacións que se van a desenvolver ó longo do ano e que influirán neste Orzamento. Deste xeito, pódese sinalar:

- Imposto sobre bens inmobles urbanos:

Os ingresos previstos teñen coma base o padrón deste ano, tendo en conta que este ano vaise recoller no mesmo as modificacións dos valores catastrais coma consecuencia do procedemento levado a cabo de acordo co recollido no artigo 16.2 da Lei 16/2012 de 27 de decembro. Para os posibles desfases que puideran existir no importe do padrón, xa se teñen en conta as posibles liquidacións por altas que se prevén dar e que non se recollen no padrón. Así mesmo, continuarase cos procedementos de inspección para dar de alta bens que non constan no padrón.

- Imposto sobre actividades económicas:

De novo, os ingresos previstos teñen coma base os padróns dos últimos anos sen ter en conta as altas. Así, o importe previsto é inferior ós dereitos recoñecidos netos do ano 2017.

- Impostos sobre vehículos de tracción mecánica:

Dentro do xa explicitado da mellora no cadro macroeconómico, recóllese un aumento dun pouco mais do 6%.

- Restantes impostos e taxas:

Con carácter xeral trátase de facer unha previsión dos diferentes conceptos acorde cos datos que se coñecen dos anos anteriores, tendo en conta o plan de inspección que xa se implementou en anos anteriores e que permitiu aumentar a recadación tanto de anos anteriores, coma de novas altas pola actualización dos padróns.

- Participación municipal de tributos:

Ó importe que figura no orzamento chégase en función do que se está a percibir nestes momentos mais a previsión de liquidación, o ingreso do mes de decembro que se fixo en xaneiro deste ano, os mellores datos esperados polo Estado en recadación e tendo en conta a finalización o ano pasado da devolución das liquidacións dos anos 2008, 2009 e 2013.

- Fondo de cooperación local:

O importe que figura no Orzamento é o que se vai a percibir segundo a comunicación da Consellería de Facenda da Xunta, xunto coa liquidación positiva xa comunicada.

- Subvencións:



As subvencións que constan no proxecto de Orzamentos que se presentan á súa aprobación son os que xa se ten constancia da súa concesión, os que xa están convocados ou ben aqueles que se veñen concedendo de xeito habitual nos últimos exercicios. Neste capítulo debe constatarase a prudencia á hora de orzar as subvencións nas que algunhas non se recollen.

ESTADO DE GASTOS:

- Persoal:

Os créditos recollen as dotacións necesarias para o pagamento das retribucións de persoal que figuran no anexo correspondente deste Orzamento e que este ano vense incrementadas o considerar este goberno necesario contemplar as posibles substitucións por baixas en departamentos como o de servizos sociais nos que é fundamental manter o servizo cuberto, ademais de aumentar as gratificacións extraordinarias para evitar na medida do posible as modificacións de crédito por estas causas. Orzáronse así mesmo as contías do persoal contratado a través de programas de subvencións que estenden os seus efectos no ano 2018. Recóllese, un aumento das retribucións do 1,75%, aínda que o mesmo vai estar condicionado á aprobación por parte do goberno a través dos orzamentos xerais do Estado ou doutro documento legal.

- Funcionamento de servizos:

Contén os créditos necesarios para o funcionamento dos servizos, tal como se indicaba arriba. Aínda así, ó longo deste ano, o Concello vai a continuar coa implantación e mellora de políticas de aforro en gastos que se veñen realizando ou servizos que se veñen prestando sen perder a súa calidade. Neste eido debemos tamén contemplar o gasto en mantemento dos servizos demandados polos cidadáns que este goberno reformou e ampliou como os que se veñen prestando nesta área: mantemento das estradas, do alumeadado público, a limpeza de rúas, abastecemento e saneamento, recollida de residuos, dos xardíns, dos parques públicos, o servizo da policía local, do servizo de emerxencias...

Débese salientar que este equipo de goberno segue priorizando a mobilidade sustentable o que ten reflexo en actuacións que supoñen feitos moi claros en canto a defensa da devandita mobilidade: dende o ano 2015 este Concello adheriuse ó convenio de transporte metropolitano e converteuse en actor activo na negociación co Concello de Vigo para a súa adhesión posterior. Na evolución do convenio converteuse tamén nunha voz favorable a que se continuara desenvolvendo, incluso dentro da Área Metropolitana. Neste apartado debe tamén salientarse que a defensa por parte deste Concello dun transporte público sustentable, eficiente e igualitario para as persoas que residen neste municipio, fíxose noutros ámbitos como é o xudicial ante a decisión do Concello de Vigo, que este equipo de goberno considera incorrecta, de establecer unha bonificación por empadronamento no precio do billete no seu transporte urbano. Outro paso que se debe adoptar é a posta en marcha do transporte interior, dando un paso máis mellorando de forma considerable o transporte entre as parroquias que conforman o noso Concello.

Por outra banda, en actuacións medioambientais constan nun ano mais créditos orzamentarios para as sendas que coas actuacións en anos anteriores, vense a converter xa nunha sinal de identidade no que este Concello decidiu darlle un importante pulo.



- Política de fomento e promoción social:

Neste novo orzamento, segue existindo un especial empeño nos créditos destinados ás políticas sociais e do fomento do emprego por ser os mais necesarios no momento económico e social que estamos a vivir. Deste xeito, por exemplo, e tras os orzamentos do ano 2016, nestes auméntase a cantidade do contrato de asistencia a domicilio para dar resposta a decisión adoptada pola concelleira de aumentar o número de persoas beneficiadas por este coidado e tamén cabe citar a existencia da previsión orzamentaria para que o Pleno municipal aprobe a sinatura dun convenio co Consorcio de igualdade e benestar para poder contar o Concello con dez prazas de residencia no centro que conta o consorcio na nosa localidade de Cesantes.

Este goberno dende hai cinco anos ten como intención prioritaria a busca e o fomento do emprego na nosa vila, polo que se xestionou a posta en marcha de sete plans de emprego e oito obradoiro e nos que pasaron xa 148 alumnos, algo que contemplamos tamén neste orzamento polo que se recollen estas partidas. De ahí que o Pleno do Concello aprobara as modificacións normativas necesarias para poder contar co selo de "Concello doing business".

Salientar, así mesmo, a continuación da revitalización na política na área de xuventude, motivo polo cal se mantén o seu orzamento para darlle cabida as demandas e necesidades da xuventude redondelán coma por exemplo o dotar de contido a solicitude de declaración cidade amiga da infancia.

- En canto a temas de carácter cultural e educativo:

Continúa o proceso de reorganización das súas prestacións buscando potenciar aqueles programas que teñen maior aceptación entre as veciñas e veciños do termo municipal, así coma aqueles que teñen maior repercusión fora das nosas fronteiras e que poñen en valor o Concello. É pretensión deste goberno seguir acadando nos vindeiros anos un espazo no sector cultural e turístico a nivel galego, que potencie economicamente o sector servizos e que paralelamente aumente a demanda de empregos neste sector, xa que Redondela ten unha rica actividade cultural que fai que sexa un referente en toda a área metropolitana; todo elo sen esquecer tampouco o apoio ás propostas e programas mais minoritarios dos que este Concello estima pertinente o seu fomento.

Respecto a área Educativa, seguirase incidindo na realización dos plenos infantís que no curto período que leva de andadura está presentando uns datos moi positivos en canto implicación e participación dos nosos escolares.

- Deportes:

Neste ano, e tras os importantes cambios realizados neste eido debe comezar a aspirar a novas metas que veñan a supor un enriquecemento das actividades postas en marcha nos últimos anos, e que deron uns resultados moi satisfactorios, tanto en interese das veciñas e veciños coma en posicionamento do noso Concello no eido deportivo. Volven a consignarse subvencións nominativas en deportes para un mellor acomodo dos importantes eventos que realizan algúns dos nosos clubs, adaptando algunhas contías ás realidades das probas subvencionadas, tratando de axudar en dar un salto de calidade. Por outra banda, non debemos esquecer o feito de que se potenciamos o deporte base, eses nenos que destacan dentro dese deporte teñen que ter oportunidade de formar parte da elite competitiva do noso Concello e para elo debemos potenciar o que os nosos clubs estean dentro das mellores ligas, tratando tamén de dar un pulo a novos clubs. Deste xeito, dáse cumprimento aos principios de



igualdade, concorrencia e publicidade nas axudas públicas.

- Política de investimentos:

Aquí posiblemente é onde se dea un dos cambios mais importantes deste novo orzamento.

Tal como recollíamos nas primeiras páxinas deste documento, a execución do Redondela 2020 vai ser un dos fundamentos nestes orzamentos e neste capítulo 6 é onde se plasma principalmente a súa execución recollendo os importes municipais que deben financiar as diferentes operacións e que sen eles non se poderían executar de xeito consolidado.

Recóllese tamén o crédito para paliar as deficiencias do Centro deportivo acuático de Chapela, actuación solicitada de xeito maioritario pola veciñanza.

Outras actuacións a realizar, entre outras serían a adquisición de stands para os diferentes eventos que realiza este Concello, a adquisición dunha caseta para o servizo de socorristas para dotarlle dunha maior funcionalidade ás tarefas de salvamento ou actuacións na mellora de alumeadado público.

Nestes orzamentos vanse a seguir levando a cabo obras de saneamento e melloras de viais, xa que o feito de aumentar a rede de saneamento, minorará a contaminación nos nosos ríos e a nosa Enseada.

Continúa recolléndose unha cantidade para atender os orzamentos participativos, que supera a porcentaxe mínima acordada do 1% de acordo coas condicións das bases de execución do orzamento. Neste apartado cabe suliñar a necesidade de chegar a un entendemento entre todas as forzas políticas xa que todos os Consellos parroquiais xa teñen asumido a participación e o que queren facer na súa parroquia e agora só temos que matizar de que xeito será máis convinte esa participación.

Estes investimentos deben poñerse en conxunto cos investimentos sostibles que dende o ano 2014, ascenden á cantidade de 968.333,15 € xunto co arredor de 1.600.000 € para o ano 2018.

- Política de endebedamento:

Este ano, e tras conseguir que a obra de humanización de Cidadelle se financie con recursos propios, a política de endebedamento vai a continuar en seguir coa devolución da débeda pendente, sendo unha cantidade xa moi pequena respecto ós dereitos recoñecidos netos correntes do orzamento.

- Fondo de continxencia:

Neste orzamento recóllese unha cantidade de 50.000 € para o fondo de continxencia, posibilidade que permite a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira para responder ante situacións inaprazables, de carácter non discrecional e cuxa utilización regúlase nas bases de execución orzamentaria.

En virtude de todo o exposto, as cifras do Orzamento do Concello de Redondela son as seguintes:

ORZAMENTO DE GASTOS – CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Área de Gastos	Descripción	Importe ano 2016	Importe ano 2018
1	Servicios públicos básicos	8.835.829,26 €	8.560.902,02 €
2	Actuacións de protección e promoción social	1.720.535,61 €	2.436.322,80 €
3	Producción de bens públicos de carácter preferente	3.467.427,34 €	3.876.218,67 €
4	Actuacións de carácter económico	491.802,10 €	442.878,30 €
9	Actuacións de carácter xeral	2.813.572,04 €	2.963.872,41 €
0	Débeda Pública	1.174.222,71 €	901.264,71 €
TOTAL ORZAMENTO		18.503.389,06 €	19.181.458,91 €

ORZAMENTO DE GASTOS – CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Capítulo	Descripción	Importe ano 2016	Importe ano 2018
1	Gastos de persoal	6.244.463,20 €	6.438.865,15 €
2	Gastos correntes en bens e servicios	7.529.984,65 €	7.860.212,41 €
3	Gastos financeiros	157.018,57 €	79.749,21 €
4	Transferencias correntes	1.276.684,88 €	1.502.443,32 €
6	Investimentos reais	2.149.312,16 €	50.000,00 €
7	Transferencias de capital	400,00 €	2.312.218,32 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	401,00 €
9	Pasivos financeiros	1.109.525,60 €	36.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO		18.503.389,06 €	19.181.458,91 €

ORZAMENTO DE INGRESOS – CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Capítulo	Descripción	Importe ano 2016	Importe ano 2018
1	Impostos directos	7.171.923,58 €	7.919.978,16 €
2	Impostos indirectos	250.000,00 €	455.000,00 €
3	Taxas, precios públicos e outros ingresos	2.391.995,00 €	2.447.695,00 €
4	Transferencias correntes	7.774.861,49 €	8.204.176,76 €
5	Ingresos patrimoniais	38.608,99 €	38.608,99 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €	0,00 €
7	Transferencias de capital	160.000,00 €	36.000,00 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	80.000,00 €
9	Pasivos financeiros	680.000,00 €	7.919.978,16 €
TOTAL ORZAMENTO		18.503.389,06 €	19.181.458,91 €

ESTADOS DE PREVISIÓN DE RADIO REDONDELA:

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Constan os estados de previsión de gastos e ingresos de Radio Redondela manténdose as mesmas contías globais do ano 2016 para recoller e realidade financeira da sociedade mercantil.

Por último, constan as bases de execución do orzamento, e nas que existen pequenas adaptacións respecto ás que se presentaron co orzamento do ano 2016, para que sigan cumprindo coa súa finalidade: a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias do Concello de Redondela.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.